

<<Despepitarme>> por completo.

Arrancar de min
esa semente de sésamo negro.

Enlutarme,
de pelo para fóra
y de carne cara adentro.

Estar calada,
como mergullada no fondo
dun estanque.

Ser a Ofelia
que parece que se afoga
e ao final renace.

Camiñar veloz
coma se os meus zapatos
tivesen almofadas
en lugar de solas,
bastas
e roídas.

Relampaguear no aire
como un Hermes
que non levaría

máis que ecos de amor,
mentres o tempo se derrite
nun hipnótico Verdi.

Ocultar ata de min mesma
esa parte escura
da miña mente,
e reprendela,
encerrala
no Labirinto do Minotauro.

Deixar que a vellez
só consuma a cascarilla del arroz
e darte a ti o resto,
a parte nutritiva;
da miña boca á túa boca
como a un pito.

Volver a ser Ana,
a Ana das mil caras
e a alma semirrota.
Selo todo nunha soa.
Retornar a min.
DES-BALEIRARME.